

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



## EDUCACIÓN FÍSICA

Departamento de Educación Física

IES 12 DE OCTUBRO

2019/2020

## ÍNDICE

<a href="#">1. Introducción e contextualización</a>	3	<a href="#">9. Indicadores de logro do proceso de E/A</a>	39
<a href="#">2. Competencias clave</a>	4	<a href="#">10. Avaliación inicial</a>	43
<a href="#">3. Obxetivos</a>	5	<a href="#">11. Atención á diversidade</a>	43
<a href="#">4. Contidos e Temporalización</a>	11	<a href="#">12. Elementos transversais</a>	44
<a href="#">5. Estándares de aprendizaxe</a>	24	<a href="#">13. Actividades complementarias e extraescolares</a>	45
<a href="#">6. Metodoloxía</a>	30	<a href="#">14. Mecanismo de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación aos resultados académicos e procesos de mellora</a>	46
<a href="#">7. Materiais e recursos</a>	32	<a href="#">15.Plans e proxectos</a>	51
<a href="#">8. Criterios sobre a avaliación, calificación, promoción do alumnado e materias pendentes</a>	33		

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Educación Física é unha área pedagóxica que basea a súa intervención no movemento corporal, para estruturar primeiro e desenvolver despois, de forma integral e harmónica, as capacidades físicas, afectivas e cognitivas da persoa, coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento persoal integral e a unha mellor calidade de vida.

Como non podía ser doutro xeito, partimos do corpo e o seu movemento baixo unha proposta formativa coa que o noso alumnado constrúa a súa propia identidade corporal a través dunha práctica axustada aos ritmos de aprendizaxe, á singularidade individual e as propias posibilidades.

Nesta materia atopámonos co deporte, gran xigante social e económico no mundo da motricidade nos nosos días. Por iso é necesario que partamos dun enfoque axeitado do mesmo que permita extraer os valores positivos e minimize os menos educativos, favorecendo a participación non discriminativa e fomentando o respecto polos demais, o gusto polo esforzo, o compromiso individual e grupal e a aceptación coherente das vitorias e as derrotas.

### O CENTRO

O CENTRO: Instituto de Educación Secundaria "12 de Outubro" atópase situado no barrio de "A Ponte". É un centro público, dependente da *Consellería de Educación* no que se imparte ESO, bacharelato e FP e que se rexe polo regulamento orgánico aprobado polo Decreto 374/1996 e a Orde do 22 de xullo de 1997, que regula determinados aspectos de organización e funcionamento para este tipo de centros. Debemos destacar que este cumpre o establecido polo Real Decreto 132/2010, polo que se establecen os requisitos mínimos deste tipo de centros. Está tipificado como liña 2 (2 grupos por cada nivel).

O centro ten un horario lectivo continuado en xornada de mañá de 8:30 a 14:00 h. e os luns pola tarde de 16:00 a 17:40 h. Hai un só recreo de media hora ás 11h. En canto ao profesorado, dispoñemos dun titor/a por curso.

A zona caracterízase por ter unha poboación escolar urbana pero os lazos coa conexión rural aínda son frecuentes. Respecto da situación sociolingüística, a lingua materna da zona é o castelán e o nivel socioeconómico é medio-baixo.

É un centro de titularidade pública e coma tal, ao ser o Estado aconfesional, non se adscribe a ningunha confesionalidade relixiosa concreta, sendo respetuosos con todas as creencias e ideoloxías.

### **INSTALACIÓNS:**

Para o desenvolvemento das nosas clases utilizaremos o patio de recreo e o ximnasio no que se atopan os vestiarios e un almacén de material.

### O ALUMNADO

A maior parte do alumnado vive no barrio de “ A Ponte” pero tamén os hai doutras zonas da cidade polo que utilizan o transporte escolar e o servizo de comedor dos luns, o cal na súa maioría son usuarios gratuitos. Tamén son maioría os que dependen das axudas da *Consellería* para a compra dos libros de texto, polo que podemos afirmar que o nivel da renda media das familias é baixo.

### A MATERIA

A Educación Física (EF) é unha asignatura troncal, obrigatoria, que se imparte neste centro en dous grupos por curso de 1º a 4º da ESO e en 1º de Bacharelato. Presenta unha carga horaria de dúas sesións semanais de 50 minutos cada unha, dándose en días diferentes. Dada a situación na que se atopa a poboación adolescente na actualidade, débese considerar insuficiente para a positiva consecución do principal obxectivo ou fin mesmo da Educación Física, que non é outro que introducir ao alumnado á práctica e consolidación de hábitos de vida saudable. Algo que é de vital importancia, xa que se ten demostrado en múltiples ocasións a relación positiva na práctica de actividade física en etapas temperás e a súa continuidade na madurez.

En canto a este documento, elabórase en base a un marco legislativo determinado pola Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE, 8/2013), que supón unha modificación da Lei Orgánica de Educación (LOE, 2/2006), e o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Outra normativa, coma a do calendario escolar, será incorporada nos apartados correspondentes. Os elementos que conforman o curriculum educativo exposto nos recursos legislativos antes mencionados, serán adaptados á realidade do centro e dos seus alumnos e alumnas por medio dos diferentes Niveis de Concreción Curricular, sendo este o principal obxectivo da elaboración desta Programación Didáctica.

## **2. COMPETENCIAS CLAVE**

A LOMCE establece unha serie de competencias clave a adquirir durante o proceso educativo, definíndoas coma as “*capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos*” (LOMCE, 2013, p.97868).

**Son 7**, e se poden dividir en dous grupos:

### **1. Disciplinares:**

- a) *Competencia en Comunicación Lingüística (CCL):* A través de actividades en Internet, traballos individuais, etc.

- b) *Competencia Matemática y Competencias básicas en Ciencia y Tecnología (CMCCT)*: Por medio de cálculos de intensidades basadas na FC, aspectos relacionados coa biomecánica, velocidades, etc.

## 2. Transversais:

- c) *Competencia Dixital (CD)*: Realización de traballos que requiran un filtrado de información e búsqueda en Internet, elaboración de documentos propios, resolución de Webquests, etc.
- d) *Competencia Social e Cívica (CSC)*: Transmisión de valores e actitudes relacionadas co respecto, a tolerancia e a cooperación en todas as actividades realizadas ao longo do curso, como actividades sociomotrices, deportes colectivos, etc.
- e) *Competencia de Aprender a Aprender (CAA)*: Entendendo as aplicación e procesos levados a cabo no seu aprendizaxe diario, podendo adaptalo aos diferentes contextos.
- f) *Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)*: Ensinarlles a diseñar actividades e exercicios para que os poidan aplicar de forma autónoma durante a súa vida diaria, toma de decisións en diversas situacións.
- g) *Competencia en Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)*: Actividades de expresión corporal e a recreación de danzas sinxelas de carácter recreativo e popular.

No **Decreto 86/2015** recóllese unha oitava competencia, a **Competencia Motriz (CM)**, importante dende o punto de vista da EF e que se vai dar de forma transversal coa realización de todo de tipo de actividades físicas.

Para contribuir ao desenvolvemento destas Competencias Clave, é necesario alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliáveis (EFB) que se relacionan con cada unha delas. Dita relación, recóllese resumida na seguinte táboa:

<b>CCL</b>	EFB <b>1.5.1, 1.5.2</b>
<b>CMCCT</b>	EFB <b>1.1.1, 3.1.1, 3.1.2, 3.1.3, 3.2.3</b>
<b>CD</b>	EFB <b>1.5.1, 1.5.2</b>
<b>CAA</b>	EFB <b>1.1.2, 3.1.2, 3.2.1, 3.2.2, 4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.3</b>
<b>CSIEE</b>	EFB <b>1.4.1, 1.4.2, 3.2.3, 4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.3</b>
<b>CSC</b>	EFB <b>1.1.1, 1.1.2, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 1.3.1, 1.3.2, 1.3.3, 1.4.1</b>
<b>CCEC</b>	EFB <b>2.1.1, 2.1.2, 2.1.3</b>

## 3. OBXETIVOS

### DE ETAPA (ESO)

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os

dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas do aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquer outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos e os comportamentos sexistas, e resolver pacíficamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.

f) Concebir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en asignaturas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o doutras persoas, respectar as diferencias, afianzar os hábitos de cuidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural coma dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega coma elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e coma medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural no contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **DE ETAPA (BACHARELATO)**

a) Exercer a cidadanía democrática desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada nos valores da Constitución española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, así como os dereitos humanos, para promover a responsabilidade na construción unha sociedade xusta e equitativa e promove a sustentabilidade.

b) Consolidar madurez persoal e social que lle permite actuar con responsabilidade e de forma autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Poder prever e solucionar pacificamente persoal, conflitos familiares e sociais.

c) Promover a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e discriminación e, en particular, a violencia contra as mulleres e promover a igualdade real e non discriminación de persoas para calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con especial atención ás persoas con discapacidade.

d) Reforzar hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para a utilización eficaz de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e comunicación.

e) Dominar a lingua galega e a lingua castelá, tanto oralmente como escrita.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e avaliar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, o seu antecedente histórico e os principais factores da súa evolución. Participar solidariamente no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.

i) Acceder ao coñecemento científico e tecnolóxico fundamental e dominar as competencias básicas da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e os métodos científicos. Coñecer e valorar criticamente a contribución da ciencia e a tecnoloxía ás condicións de vida en curso, así como reforzar a sensibilidade e o respecto ao medio ambiente e á xestión sostible do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Fortalecer o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, autoestima e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e os deportes para promover o desenvolvemento persoal e social e promover comportamentos e hábitos saudables.

o) Fortalecer as actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e fortalecer o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **DE CURSO**

### **1º ESO**

1. Recoñecer as fases dunha sesión de actividade física en relación á intensidade das mesmas.
2. Comprender a importancia da hixiene persoal e o uso adecuado da indumentaria na práctica de actividade física.
3. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social e de desenvolvemento de valores e actitudes baseados no respecto e a tolerancia.
4. Recoñecer as posibilidades da actividade física coma forma de ocio activo na sociedade actual.
5. Controlar e identificar os riscos que se poden derivar da práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.
6. Empregar as TICs dentro do proceso de ensinanza/aprendizaxe para a realización de actividades e traballos baseados na búsqueda, análise e selección de información.
7. Interpretar e reproducir accións con finalidades artístico-expresivas, utilizando para elo técnicas sinxelas de expresión corporal.
8. Recoñecer e aplicar principios de alimentación e actividade física saudable.
9. Desenvolver as capacidades físicas máis relevantes para a saúde, dentro das posibilidades persoais e os márxenes da saúde, amosando actitudes de esforzo e autoesixencia.
10. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando fundamentos técnicos e habilidades específicas das modalidades propostas.
11. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou de colaboración-oposición aplicando as estratexias máis adecuadas en función dos estímulos relevantes.

### **2º ESO**

1. Recoñecer as fases dunha sesión de actividade física incidindo nos obxectivos de cada unha delas.
2. Comprender a importancia da hixiene persoal e demais hábitos saudables en relación coa actividade física.
3. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas como formas de inclusión social e de desenvolvemento de valores e actitudes baseados no respecto e a tolerancia.
4. Recoñecer as posibilidades da actividade física coma forma de ocio activo na sociedade actual.



5. Identificar e prever os riscos que se poden derivar da práctica de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas.
6. Empregar as TICs dentro do proceso de ensinanza/aprendizaxe para a realización de actividades e traballos baseados na búsqueda, análise e selección de información.
7. Empregar técnicas de expresión corporal na realización de actividades artístico-expresivas.
8. Recoñecer a relación entre alimentación e actividade física saudable.
9. Desenvolver as capacidades físicas máis relevantes para a saúde, dentro das posibilidades persoais e os márxenes da saúde, amosando actitudes de esforzo e autoesixencia.
10. Resolver situacións motoras individuais sinxelas aplicando fundamentos técnicos e habilidades específicas das modalidades propostas.
11. Resolver situacións motoras sinxelas de oposición, colaboración ou de colaboración-oposición aplicando as estratexias máis adecuadas en función dos estímulos relevantes.

### **3º ESO**

1. Desenvolver actividades das fases dunha sesión de actividade física.
2. Recoñecer as posibilidades das actividades físico-deportivas e expresivas artísticas como formas de inclusión social e desenvolvemento de valores e actitudes en función do respecto e tolerancia.
3. Recoñecer as posibilidades da actividade física como forma de lecer activo na sociedade actual.
4. Controlar e identificar os riscos que poidan derivarse da práctica das actividades físico-deportivas e de expresión artística.
5. Aadoptar medidas preventivas e de seguridade no desenvolvemento das actividades físicas.
6. Utilizar as TIC dentro do proceso de ensino / aprendizaxe para realizar actividades e traballos baseados na busca, análise e selección de información e exposición e defensa dos mesmos.
7. Interpretar e producir accións con fins artísticos expresivos, utilizando técnicas de expresión corporal.
8. Recoñecer os factores que envolven a actividade física e a condición física sa e desenvolver un plan de formación para o desenvolvemento das súas habilidades físicas.
9. Resolver as situacións físicas individuais aplicando fundamentos técnicos e habilidades específicas das modalidades propostas.
10. Resolver simples situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición aplicando as estratexias máis axeitadas baseadas nos estímulos relevantes.

### **4º ESO**

1. Diseñar e desenvolver actividades das fases dunha sesión de actividade física en función das modalidades propostas.
2. Colaborar e participar na planificación dun evento deportivo como unha liga ou torneo, promovendo actitudes, valores e respecto das regras.
3. Analizar o fenómeno deportivo na actualidade prestando atención aos aspectos culturais, educativos e saudables, diferenciándoos dos que fomentan a violencia e a discriminación.

4. Controlar e identificar os riscos que poidan derivarse da práctica das actividades físico-deportivas e de expresión artística.
5. Adoptar medidas preventivas e de seguridade no desenvolvemento das actividades físicas.
6. Demostrar actitudes de traballo en equipo, aceptar as regras que a rexen e aplicar diversas técnicas de traballo en equipo.
7. Utilizar as TIC dentro do proceso de ensino / aprendizaxe para realizar actividades e traballos baseados na busca, análise e avaliación da información e exposición e defensa dos mesmos.
8. Compoñer e presentar accións con fins artísticos expresivos, utilizando técnicas de expresión corporal.
9. Recoñecer os factores implicados na actividade física e a condición física sa, e desenvolver e aplicar un plan de formación para o desenvolvemento das súas habilidades físicas.
10. Mellorar ou manter as capacidades que compoñen a condición física relacionada coa saúde.
11. Resolver situacións motrices individuais aplicando fundamentos técnicos e habilidades específicas das modalidades propostas con eficiencia e precisión.
12. Resolver simples situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición aplicando as estratexias máis eficaces segundo os obxectivos.
13. Recoñecer o impacto da actividade humana no medio natural e no contorno.

#### **1º BACHARELATO**

1. Deseño, organización e participación en actividades físico-deportivas ou actividades artísticas expresivas que elixan.
2. Comprobe os riscos do uso de materiais, equipos e medio ambiente, e as súas propias accións, tanto individualmente como en grupos.
3. Presentar unha conducta persoal e social responsable, respectando a si mesmo, dos outros e do ambiente ao seu redor na realización de actividade física.
4. Utilice as TIC de forma adecuada para mellorar o seu proceso de E / A.
5. Crear e representar unha composición colectiva con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis axeitadas á intencionalidade da composición.
6. Mellorar ou manter as habilidades físicas centradas na saúde, a través dunha práctica de actividade física regular.
7. Desenvolver e aplicar un plan individualizado de actividade física e nutrición ten un impacto positivo na mellora e mantemento da boa saúde.
8. Resolver situacións motoras aplicando fundamentos técnicos e tácticos con eficacia e precisión, das modalidades deportivas propostas.

9. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou cooperación oposición en contextos deportivos e / ou de recreo, adaptando estratexias para as condicións que se dan durante a práctica real.

#### 4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN:

Una vez consultado o calendario escolar do curso 2019/20, segundo a Orde do 20 de xuño de 2019, determínase que se dispón do seguinte número de sesións:

<b>TOTAL CURSO</b>	<b>65</b>		
	<b>Total</b>	<b>Imprevistos</b>	<b>Resultado</b>
<b>1ª Aval</b>	<b>28</b>	<b>2</b>	<b>26</b>
<b>2ª Aval</b>	<b>24</b>	<b>3</b>	<b>21</b>
<b>3ª Aval</b>	<b>20</b>	<b>2</b>	<b>18</b>

En base a elas, as unidades didácticas da programación distribúense do seguinte xeito:

##### 1º ESO:

Avaliación	UD	Título	nº sesións	Temporalización
		Presentación	1	16/09
<b>1ª AVAL</b>	1	Unidade didáctica 0	5	17/09-4/10
	2	A saúde é o primeiro (C.F.)	7	7/10-29/10
	3	Atletismo: Carreiras e relevos	7	30/10-27/11
	4	Balonkorff	6	28/11-20/12
<b>2ª AVAL</b>	5	Expresión Corporal: mímica-acción	6	8/01-29/01
	6	Xogos Tradicionais	6	30/01-19/02
	7	Balonmán	9	20/02-29/03
<b>3ª AVAL</b>	8	Fútbol	8	1/04-24/05
	9	Dep. alternativos: rugby-cinta, últimate...	10	22/05-19/06

##### 2º ESO:

Avaliación	UD	Título	nº de sesións	Temporalización
		Presentación	1	16/09
<b>1ª AVAL</b>	1	Unidad didáctica 0	5	17/09-5/10
	2	Condición física	7	7/10-29/10
	3	Baloncesto	8	30/10-30/11
	4	Atletismo- Lanzamientos	5	3/12-21/12

<b>2ª AVAL</b>	5	Aerobic	6	8/01-25/01
	6	Fight	6	28/01-15/02
	7	Combas	9	18/02-29/03
<b>3ª AVAL</b>	8	Balonmán	10	1/04-10/05
	9	Zancos	6	13/05-31/05
	10	Orientación	5	3/06-19/06

### 3º ESO:

Avaliación	UD	Título	nº de sesiones	Temporalización
		Presentación	1	16/09
<b>1ª AVAL</b>	1	Unidad didáctica 0	5	17/09-4/10
	2	Condición Física	8	7/10-25/10
	3	Baloncesto	8	30/10-6/12
	4	Pilates	4	9/12-20/12
<b>2ª AVAL</b>	5	Voleibol	9	8/01-7/02
	6	Fútbol II	7	10/02-4/03
	7	Fight II	5	5/03-3/04
<b>3ª AVAL</b>	8	Bádminton II	7	14/04-8/05
	8	Balonmán II	6	11/05-29/05
	9	Orientación	5	1/06-19/06

### 4º ESO:

Avaliación	UD	Título	nº de sesiones	Temporalización
		Presentación	1	17/09
<b>1ª AVAL</b>	1	Unidad didáctica 0	7	18/09-11/10
	2	Condición Física	9	15/10-14/11
	3	Acrosport	9	15/11-21/12
<b>2ª AVAL</b>	4	Expresión corporal	7	8/01-31/01
	5	Voleibol	8	3/02-28/02
	6	Rugby	6	2/03-3/04
<b>3ª AVAL</b>	7	Bádminton	8	14/04-03/05
	8	Combas II	5	6/05-24/05
	9	Floorball	5	27/05-19/06

**1º BACHARELATO:**

Avaliación	UD	Título	nº de sesións	Temporalización
		Presentación	1	16/09
1ª AVAL	1	Unidad didáctica 0	7	17/09-11/10
	2	Condición física	9	15/10-9/11
	3	Acrosport	9	13/11-21/12
2ª AVAL	4	Fútbol Gaélico	6	8/01-25/01
	5	Primeiros Auxilios (Representación práctica do traballo teórico)	2	28/01-31/01
	6	Voleibol	8	3/02-28/02
	7	Rugby II	5	2/03-3/04
3ª AVAL	8	Saídas profesionais (Representación práctica do traballo teórico)	2	14/04-17/04
	9	Floorball II	8	20/04-15/05
	10	Atletismo	8	18/05-18/06

## **1º ESO:**

### **PRIMEIRA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- Quecemento e a recuperación. Concepto. Fases. Execución do quecemento xeral e fases de recuperación.
- Prevención de riscos nas actividades físicas e protocolo básico de actuación.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Condición Física. Acondicionamento xeral das capacidades físicas incidindo na resistencia aeróbica.
- Valoración do quecemento xeral e da recuperación para prever lesións en toda actividade física.
- Autoevaluación da condición física persoal.
- Respecto polas normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade física.
- Acondicionamento xeral das capacidades físicas relacionadas coa saúde.
- Práctica de exercicios dinámicos de forza xeral.
- Práctica de exercicios de mantemento das posicións corporais (actitude) relacionadas co estudio e o transporte de cargas pesadas.

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe do balonkorf: aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios.
- As habilidades básicas como punto de partida xeral ás habilidades específicas: desprazamentos, saltos e lanzamentos.
- Habilidades ximnásticas globais: saltos, xiros, equilibrios,...
- A coordinación: habilidades coordinativas dinámico xerais, habilidades coordinativas nos saltos con corda.
- O atletismo. Orixe. Tipos de probas.
- Introducción á algunhas probas: carreiras de valos e relevos.

#### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Experimentación de actividades tendentes a romper os bloqueos e inhibicións.

### **SEGUNDA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- Utilización das TIC para seleccionar información sobre xogos populares e tradicionais.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Concepto. Factores que inciden na condición física. As capacidades físicas básicas.
- Os mecanismos básicos de control da intensidade do esforzo.
- Práctica de exercicios dinámicos de forza xeral relacionados coa práctica do balonmán.

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Fundamentos básicos do Balonmán: aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe do balonmán.
- Realización dalgúns xogos populares e tradicionais recopilados polos alumnos/as.

#### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Comunicación de mensaxes a través do mimo e o xesto. A capacidade creativa.
- Experimentación de actividades nas que se combinan distintos ritmos e se manexan diversos obxectivos.

### **TERCEIRA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- O sedentarismo. Perigos. Beneficios do exercicio físico. Hábitos hixiénicos e posturais saudables.
- Introducción aos principios sobre una alimentación saudable.
- Actividades no medio natural. Respeto das normas para a conservación do medio natural.
- Toma de conciencia dos usos e abusos de que está sendo obxecto o medio urbano e natural.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Acondicionamento xeral das capacidades físicas relacionadas coa saúde, incidencia en velocidade de reacción.
- Exercitación da musculatura de sostén mediante a realización de exercicios de mobilidade articular, de fortalecemento muscular e de relaxación.
- Responsabilidade no mantemento e a mellora da condición física en función das propias posibilidades como medio de mellora da saúde.
- Práctica de exercicios dinámicos de forza xeral relacionados coa práctica do rugby-touch.

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Os xogos e deportes alternativos como medio ideal para o paso do dominio das habilidades básicas ao inicio das específicas.
- Iniciación aos xogos e deportes alternativos. Actividade cooperativa e competitiva.
- Práctica de actividades e xogos para a aprendizaxe do rugby-touch, disco voador, as palas e a indiacatenis: aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios.

### **2º ESO:**

#### **PRIMEIRA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- O Quecemento. O quecemento xeral mediante xogos. Quecementos específicos.
- Respeto e aceptación das regras dos xogos e do deporte practicado.
- Aceptación do propio nivel de execución e o dos demais e disposición positiva cara á súa mellora.
- Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- O quecemento: estiramientos aplicados. Técnicas de estiramento. Exercicios para os diferentes grupos musculares. Coñecemento da localización dos diferentes grupos musculares.
- Realización de quecementos específicos autodirixidos.
- As capacidades físicas básicas e os efectos sobre o organismo do seu adestramento.
- Métodos básicos de adestramento para a mellora das capacidades físicas básicas relacionadas coa saúde.
- Valoración da condición física a través de probas de seguimento e control.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Profundización nas regras, aspectos técnicos e tácticos do baloncesto.
- Atletismo: saltos e lanzamentos.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Experimentación de actividades tendentes a romper os bloqueos e inhibicións.

## **SEGUNDA AVALIACIÓN**

### **CONTIDOS COMÚNS**

- Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.
- A actividade física como elemento base dos estilos de vida saudables.
- Aceptación das diferencias individuais e respecto ante a execución dos demais.
- Valoración da propia habilidade como punto de partida para a superación persoal.
- Respecto á aceptación de normas e regulamentos.
- Os estiramientos na fase de activación e recuperación en función da actividade física que vaia a realizar.

### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- As variacións dos parámetros cardiorrespiratorios co exercicio físico.
- Control da intensidade do esforzo físico de forma indirecta: a toma e valoración da frecuencia cardíaca.
- Práctica de diferentes tipos de respiración: clavicular, torácica e abdominal.
- Acondicionamento da forza a través dos contidos de iniciación aos deportes de contacto.
- Acondicionamento da resistencia aeróbica e da forza resistencia a través das combas.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Desenvolvemento da capacidade de colaboración cos compañeiros nun proxecto común de aerobic.
- Execución práctica de diferentes modos de saltos á comba.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Utilización dos pasos básicos de aerobic para a construción de coreografías cunha base musical.

## **TERCEIRA AVALIACIÓN**

### **CONTIDOS COMÚNS**

- Prevención de riscos nas actividades físico-deportivas.
- Emprego responsable do material e do equipamento deportivo.
- A actividade física como elemento base dos estilos de vida saudables.



- Utilización das TICS para seleccionar información sobre hábitos de vida saudable.
- Posibilidades do contorno próximo como lugar de práctica de actividades físicodeportivas e recreativas.
- Aceptación das diferencias individuais e respecto ante a execución dos demais.

### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Valoración dos efectos positivos que a actividade física e os hábitos hixiénicos teñen sobre a condición física.
- Relación dunha alimentación saudable e a actividade física.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios básicos do deporte do voleibol.
- Aplicación ao xogo dos aspectos anteriores.
- Aprender técnicas de actividades que se poden efectuar no medio natural: carreiras de orientación.
- Realización dunha carreira de orientación.
- Habilidades sobre zancos. Práctica dun circuío de dificultade crecente sobre os zancos.

## **3º ESO:**

### **PRIMEIRA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- Interese polo mantemento e/ou mellora da súa condición física en función das propias necesidades.
- Efectos que determinadas prácticas e hábitos teñen sobre a condición física, tanto positivos (actividade física, hábitos hixiénicos) como negativos (tabaco, dieta, sedentarismo, etc.).
- As normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade e adestramento.
- Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada coa actividade física e a saúde.
- Actitude de autoesixencia e superación dos límites do seu propio corpo.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Control da intensidade do esforzo.
- Recoñecemento dos efectos positivos da actividade física sobre o organismo.
- Efectos do traballo de resistencia aeróbica, forza e flexibilidade sobre os sistemas e aparellos do corpo humano a través de formas xogadas e de Pilates.
- Acondicionamento básico xeral. Posta en marcha de sistemas e métodos de adestramento.
- Aplicación de sistemas específicos para mellorar as diversas capacidades físicas e autocomprobación dos efectos. Tratamento discriminado de cada capacidade física. Incidencia en flexibilidade, forza-resistencia e resistencia aeróbica.
- Utilización das variacións momentáneas e non momentáneas das frecuencias cardíacas e de respiración como indicadores da adaptación, axeitada ou non, do organismo á actividade física.

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Terminoloxía específica, Hª, estrutura, medios e materiais do baloncesto.
- Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do baloncesto.

- Prácticas grupais e individuais de actividades para perfeccionar a técnica do baloncesto.
- Posta en práctica de posicións básicas de Pilates.

## **SEGUNDA AVALIACIÓN**

### **CONTIDOS COMÚNS**

- Realización de xogos e exercicios autodirixidos para cada fase da sesión.
- Efectos da alimentación equilibrada sobre o organismo.
- Esterotipos corporais na sociedade actual e a súa relación coa saúde.
- Aceptación do reto que supón competir con outros, sen que iso supoña actividades de rivalidade mal entendida.
- Valoración do traballo en equipo e da axuda entre os compañeiros.
- Valoración dos efectos que, para a saúde e calidade de vida, ten a práctica habitual das actividades deportivas e recreativas practicadas no trimestre.
- Valoración dos efectos que, para a saúde e calidade de vida, ten a práctica habitual das actividades físicas cunha base rítmica.

### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Cálculo do metabolismo basal e de actividade.
- Realización de sesións autodirixidas incidindo na diferenciación nas partes da sesión.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Participación e integración nas actividades deportivas e recreativas anteriores con independencia do nivel de destreza alcanzado.
- Coñecemento e valoración do nivel técnico e táctico alcanzado por un mesmo nas actividades deportivas e recreativas anteriores.
- Terminoloxía específica, Hª, estrutura, medios e materiais do voleibol e do fútbol
- Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do voleibol e do fútbol
- Prácticas grupais e individuais de actividades para perfeccionar a técnica do voleibol e do fútbol.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Realización de movementos corporais globais e segmentarios cunha base rítmica, combinando as variables de espazo, tempo e intensidade, destacando o seu valor expresivo a través do Yoga e Pilates.
- Realización do método de relaxación de Jacobson.
- Exercicios de respiración.
- Aceptación da propia imaxe e actitude de desinhibición.
- Desinhibición, apertura e comunicación nas relacións cos outros.

## **TERCEIRA AVALIACIÓN**

### **CONTIDOS COMÚNS**

- Aceptación do reto que supón competir con outros, sen que elo supoña actividades de rivalidade mal entendida.
- Valoración do traballo en equipo e da axuda entre os compañeiros.
- Valoración dos efectos que, para a saúde e calidade de vida, ten a práctica habitual das actividades deportivas e recreativas practicadas no trimestre.
- Valoración da natureza como medio para a realización de actividades de mellora da condición física e fonte de riqueza ecolóxica
- Valoración da importancia dos coñecementos que lle proporcionan outras áreas para o desenvolvemento de actividades no medio natural.
- Toma de conciencia do que supón asumir a responsabilidade na organización de actividades para grupos (previsión de material e necesidades, mantemento e intendencia, medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade, xestión e administración, permisos, viaxes e transportes, presupostos e contabilidade,...).

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Terminoloxía específica, Hª, estrutura, medios e materiais do bádminton, o balonmán e as carreiras de Orientación.
- Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios dos deportes anteriores.
- Organización dunha Carreira de Orientación.
- Prácticas grupais e individuais de actividades para perfeccionar a técnica do bádminton e o balonmán.
- Participación e integración nas actividades deportivas anteriores con independencia do nivel de destreza alcanzado.
- Coñecemento e valoración do nivel técnico e táctico alcanzado por un mesmo nas actividades deportivas anteriores.
- Valoración e actitude positiva no xogo limpo.
- Normas básicas de precaución, protección e seguridade.
- Recursos do contorno próximo para a práctica de actividades no medio natural.

## **4º ESO:**

### **PRIMEIRA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- O quecemento e a recuperación baseándose na análise das actividades para as que se prepara.
- Valoración dos efectos que, para a saúde e calidade de vida, ten a práctica habitual de actividade física.
- Valoración das normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade e adestramento.
- Valoración do traballo en equipo e da axuda entre os compañeiros.
- Tecnoloxías da información e da comunicación para procurar, analizar e seleccionar información relacionada cos xogos tradicionais.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Sistemas e métodos de adestramento da resistencia aeróbica, a forza resistencia e a flexibilidade.

- Efectos do traballo de resistencia aeróbica, a forza resistencia e a flexibilidade sobre o estado de saúde.
- Análise do grado de implicación das diferentes calidades físicas nunha determinada actividade.
- Interese polo mantemento e/ou mellora da súa condición física en función das propias necesidades.
- Valoración dos efectos que determinadas prácticas e hábitos teñen sobre a condición física, tanto positivos (actividade física, hábitos hixiénicos) como negativos (tabaco, dieta, sedentarismo, etc.)
- Interese polas normas de prevención de diminucións e atrofas funcionais derivadas dunhas conductas posturais e actividades habituais, de traballo, etc.
- Valoración das normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade e adestramento.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Práctica de construción de figuras de acrosport.
- Desenvolvemento da capacidade de colaboración con un ou máis compañeiros nun proxecto común de construción acrosport
- Aplicación da función de integración social que ten a práctica das actividades lúdicas anteriores.
- Participación e integración nas actividades anteriores con independencia do nivel de destreza alcanzado.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Utilización das figuras de acrosport para a construción de coreografías cunha base musical.
- Desinhibición, apertura e comunicación nas relacións cos outros.

## **SEGUNDA AVALIACIÓN:**

### **CONTIDOS COMÚNS**

- Cooperación e aceptación das funcións asignadas dentro dunha labor de equipo.
- Valoración e actitude positiva no xogo limpo.
- Actitude de autoesixencia e superación dos límites do seu propio corpo.
- Valoración dos efectos que, para a saúde e calidade de vida, ten a práctica habitual de actividades deportivas.
- Participación e integración nas actividades deportivas practicadas con independencia do nivel de destreza alcanzado.
- Aceptación do reto que supón competir con outros, sen que elo supoña actividades de rivalidade mal entendida.
- Tecnoloxías da información e da comunicación para seleccionar información relacionada coa planificación da actividade física.

### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- O coidado do organismo. O sedentarismo. Hábitos posturais.
- Planificación do traballo da condición física (elaboración e posta en práctica dun plan de traballo, a curto prazo, de resistencia aeróbica, forza resistencia e de flexibilidade).

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Aproximación aos aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do voleibol.

- Terminoloxía específica, Hª, estrutura, medios e materiais do rugby
- Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do rugby
- Prácticas grupais e individuais de actividades para perfeccionar a técnica do rugby.
- Aplicación da función de integración social que ten a práctica das actividades de carácter deportivo-recreativas anteriores.
- Cooperación e aceptación das funcións asignadas dentro dunha labor de equipo.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Realización de técnicas de relaxación, e respiración.
- Comunicación de mensaxes a través do mimo e o xesto. A capacidade creativa.
- Aceptación da propia imaxe e actitude de desinhibición.
- Desinhibición, apertura e comunicación nas relacións cos outros.

### **TERCEIRA AVALIACIÓN**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- Cooperación e aceptación das funcións asignadas dentro dunha labor de equipo.
- Valoración e actitude positiva no xogo limpo.
- Participación e integración nas actividades deportivas practicadas con independencia do nivel de destreza alcanzado.
- Aceptación do reto que supón competir con outros, sen que elo supoña actividades de rivalidade mal entendida.
- Valoración e actitude positiva no xogo limpo.
- Valoración do traballo en equipo e da axuda entre os compañeiros.
- Toma de conciencia do que supón asumir a responsabilidade na organización de actividades para grupos (previsión de material e necesidades, mantemento e intendencia, medidas hixiénico-sanitarias e de seguridade, xestión e administración, permisos, viaxes e transportes, presupostos e contabilidade,...).

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Realización de técnicas de relaxación (Schultz) e respiración (clavicular, torácica e abdominal ) como elementos de compensación das tensións da vida cotiá.
- Aceptación e respecto das normas para a conservación e mellora do medio natural como medio de espallamento.
- Acondicionamento da resistencia aeróbica e da forza resistencia a través das combas.

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Aproximación aos aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do bádminon e o floorball.
- Prácticas grupais e individuais de actividades para perfeccionar a técnica do bádminon e o floorball.
- Organización autónoma dun torneo de bádminon.

## **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Utilización de saltos á comba para a construción de coreografías cunha base musical.

## **1º BACHARELATO:**

### **PRIMEIRA AVALIACIÓN:**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- Emprego de novas tecnoloxías para a obtención e tratamento de datos.
- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo e de cooperación.
- Aproveitamento das situacións de práctica de actividade física para promover o esforzo e a superación persoal.
- Valoración das posibilidades da natureza para o gozo e a actividade física.
- Valoración das normas de hixiene, prevención e seguridade na práctica da actividade e adestramento.
- Valoración do traballo en equipo e da axuda entre os compañeiros.
- Mellorar e manter unha actitude de respecto das normas e regras de xogo sen menosprezar os diferentes niveis de destreza dos participantes.

#### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- O adestramento: Principios, tipos e efectos sobre o organismo e a saúde.
- Realización dun test de aptitude física para valorar o estado das propias capacidades físicas.
- Aplicación práctica dos sistemas de adestramento das distintas capacidades físicas.
- Utilización de técnicas de relaxación e respiración.
- Análise do grado de implicación das diferentes calidades físicas nunha determinada actividade (acrosport)
- Predisposición positiva cara á práctica cotiá do exercicio físico.
- Adquisición de normas de seguridade no exercicio físico.

#### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Práctica de construción de figuras de acrosport.
- Colaboración cos demais compañeiros nun proxecto común de construción de acrosport.

## **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Utilización de figuras de acrosport para a construción de coreografías cunha base musical.

### **SEGUNDA AVALIACIÓN**

#### **CONTIDOS COMÚNS**

- Emprego de novas tecnoloxías para a obtención e tratamento de datos relativos aos primeiros auxilios.
- Primeiras actuacións ante as lesións máis comúns na actividade deportiva. Protocolos básicos de primeiros auxilios.

- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo e de cooperación.
- Aproveitamento das situacións de práctica deportiva para a transmisión de valores como a cooperación, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e o respecto superando os estereotipos de xénero.

### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Hábitos posturais.
- Primeiros auxilios.
- Análise dos efectos que determinadas prácticas e hábitos negativos: sedentarismo, consumo de sustancias tóxicas (drogas, alcoholismo, tabaquismo, anabolizantes, dieta, etc, teñen sobre a saúde.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Repaso dos coñecementos técnicos e tácticos básicos dos deportes practicados nas etapas anteriores: fútbol, voleibol, e rugby.
- Terminoloxía específica, Hª, estrutura, medios e materiais do fútbol gaélico.
- Aspectos técnicos, tácticos e regulamentarios do fútbol gaélico.
- Prácticas grupais e individuais de actividades para perfeccionar a técnica do fútbol gaélico.
- Organización de minicompeticións recreativas dos deportes anteriores.
- Mellorar e manter unha actitude de respecto das normas e regras de xogo sen menosprezar os diferentes niveis de destreza dos participantes.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

- Utilización de xestos e teatro nas dramatizacións sobre primeiros auxilios.

## **TERCEIRA AVALIACIÓN:**

### **CONTIDOS COMÚNS**

- Coñecemento dos estudos e saídas profesionais relacionados coa área de Educación Física.
- Emprego de novas tecnoloxías para a obtención e tratamento de datos relativos ás saídas profesionais.
- Aproveitamento das situacións de práctica deportiva para a transmisión de valores como a cooperación, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e o respecto superando os estereotipos de xénero.

### **ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE**

- Aplicación de técnicas básicas de relaxación.

### **OS XOGOS E AS ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

- Repaso dos coñecementos técnicos e tácticos básicos dos deportes practicados nas etapas anteriores: baloncesto, balonmán, bádminton, atletismo e floorball
- Organización de minicompeticións recreativas dos deportes anteriores.
- Mellorar e manter unha actitude de respecto das normas e regras de xogo sen menosprezar os diferentes niveis de destreza dos participantes.

### **ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO-EXPRESIVAS**

